

"Non desperdices este Nadal"

Ano: 2021

Coa pandemia asexando a través dunha nova onda, non debemos baixar a garda. A responsabilidade debe primar en todo momento, e non só en datas de festas e celebracións, senón cada día e en calquera ámbito da vida.

1.- Nadal non é sinónimo de consumismo

O consumismo non nos fará máis felices. O consumo con conciencia será o realmente produtivo e satisfactorio. Non fai falta adquirir alimentos a prezos desorbitados ou comprar agasallos inalcanzables para moitos petos. Hai menús fantásticos e agasallos maravillosos a prezos razoables. O agarimo en ambos os casos é o ingrediente estrela.

2.- O comercio local, unha aposta segura

Prioriza o comercio local para adquirir os teus produtos e dá preferencia aos artigos de tempada. Contribuirás a xerar ingresos para as familias da túa contorna, tamén a crear emprego no teu municipio e, por suposto, a diminuír as emisións de CO2 procedentes do transporte por estrada a longas distancias. E, por se fora pouco, aforrarás cartos.

3.- Decorar con cabeza

Árbores, luces, guirnaldas, adornos múltiples, Non é necesario que malgastes tantos recursos. Cun pouco de creatividade, podes fabricar os teus propios obxectos de decoración a partir de materiais reciclados. Tampouco é necesario que teñas acesas as luces todo o día. Por certo, mellor as de LED. Duran máis e consomen menos.

4.- Que non sobre (nin que falte)

Os menús concentran gran atención durante estas datas. Calcula as racións en función do número de comensais. Non se trata de cociñar cantidades desorbitadas que logo acabarán no cubo do lixo.

5.- Sobras en receitas

Se aínda así sobra comida, poderás reutilizar as sobras para elaborar novas receitas gastronómicas. As posibilidades son múltiples.

6.- Regala emocións e benestar

Un agasallo non ten por que ser necesariamente algo material e tanxible. Hai moitas alternativas e a satisfacción para o que o recibe pode ser mesmo superior ao presente máis caro que te poidas permitir.

7.- Cambia o chip: os residuos son recursos

Segue aplicando a regra dos 3 R: reduce os residuos xerados, reutiliza ao máximo os produtos e separa os materiais contidos no lixo para propiciar o seu posterior reciclado.

8.- Cada residuo no seu sitio

As cores axúdanche:

- Contedor amarelo: envases de plástico, latas e briks.
- Contedor azul: papel e cartón

"Non desperdicias este Nadal"

Published on Sogama (<https://www.sogama.gal>)

- Iglú verde: envases de vidro (botellas, frascos e tarros)
- Contedor marrón: materia orgánica
- Contedor verde xenérico: fracción resto

9.- O tempo é ouro

Goza o momento, créate nas xuntanzas familiares e cos teus amigos. Iso si, respectando os aforos estipulados polas autoridades en cada momento. Aproveita o tempo e goza. As cousas máis sinxelas son as que realmente nos fan felices.

10.- Un sorriso para 2022

Máis aló das circunstancias persoais de cada un, tendamos a man a 2022 co mellor dos nosos sorrisos.

Source URL: <https://www.sogama.gal/gl/campanha/non-desperdicias-este-nadal>